

## Decálogo de boas prácticas

### Goza da natureza

O ser humano é unha parte máis do contorno físico. Só o respecto polas outras partes que conforman a natureza garantiza un futuro mellor.

- 1 Goza da paisaxe sen interferir nela. Cando saias ao bosque, non cortes plantas nin destrúas tobos ou niños.
- 2 A importancia ecolóxica das praias é determinante no contorno. Non as mires só como un lugar de lecer. Non ensucies a area e, sobre todo, protexe os sistemas de dunas que se desenvolven nelas.
- 3 Non interfiras na vida dos animais. Non lles deas de comer ás aves mariñas pensando que lles fas ben. Alimentar os animais que viven en liberdade crea dependencia por parte deles e fai que perdan facultades para buscar alimento polos seus propios medios.
- 4 Non maltrates os animais. A fauna e a flora, a natureza en xeral, deben ser preservadas.
- 5 Non botes desperdicios aos ríos nin ao mar.
- 6 Na casa, recicla todo lo que poidas. Separa o vidro, o papel e o plástico para que poida ser reciclado.
- 7 Aproveita a enerxía eléctrica e a calefacción. Apaga las luces que non precisas e utiliza lámpadas de baixo consumo. Regula a temperatura da casa cun termostato.
- 8 Non desperdicias a auga.
- 9 Sempre que poidas, emprega o transporte público, a bicicleta ou os teus pés nos desprazamentos. Reducirás a emisión de gases contaminantes.
- 10 Non empregues bolsas de plástico nas túas compras. Tardan 150 anos en destruírse.

